



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
Escolas de Arte e Superiores de Deseño de Galicia**

Programación da disciplina

Nome do centro: E. A.S.D. "MESTRE MATEO"

Titulación: Estudos Superiores en Deseño de Produto

Materia....: Historia do Deseño Industrial.

Disciplina: Historia do Deseño Industrial

Curso : 2º. de PRODUTO

Carácter : Obligatoria de Especialidade

Tipo : Teórica

Docente : Elena Carpintero Troncoso

Ano académico: 2018-2019



Índice

1. Identificación e contextualización	3
2. Contidos	3
2.1 Organización dos contidos:.....	3
3. Avaliación	6
3.1 Resultado da aprendizaxe:	6
3.2 Procedemento de avaliación	6
3.3 Instrumentos de avaliación e criterios de cualificación:.....	6
3.4 Sistemas extraordinarios de avaliación e cualificación.....	7
3.5 Criterios e pautas para o alumnado con necesidades educativas especiais.....	7
4. Metodoloxía, recursos e actividades complementarias.....	8
5. Bibliografía	8
5.1 Referencias básicas.	8
5.2 Referencias complementarias.	8
5.3 Recomendacións para o estudo da materia:.....	8



1. Identificación e contextualización

Idioma	Galego e Castelán
Departamento	Deseño de Produto
Profesor/a	Elena Carpintero Troncoso
Correo electrónico	elenacarpintero@edu.xunta.es
Web	www.easd.es
Créditos ECTS	Distribución horaria dos créditos ECTS: __ 4 Horas totais: _____ 100 Horas de clase semanais: _____ 2 Horas de clase no curso según calendario 62 (38 teóricas, 22 traballos e 2 exames) Horas non presenciais: _____ 38 Horas titoría: __ _____ 1
Horario	Horario de clase semanal: <u>Jueves de 18.00 a 20,00 horas.</u> Horario de titorías: Martes de 20,00 a 21,00 horas.
Descritores	Coñecemento, análise e significado histórico do Deseño de Produto. Deseñadores e tendencias contemporáneas. Análise das últimas tendencias no ámbito do Deseño de Produto. Métodos de investigación e experimentación propios da materia.
Obxetivos	1. Coñece-la orixe da profesión de deseñador/a e a evolución da mesma.. 2. Analiza-las teorías e movementos no campo do deseño dende a Revolución Industrial ata hoxe. 3. Contestualizar e afondar en cada período histórico do deseño industrial e da historia das artes aplicadas. 4. Coñece-las obras máis importantes de cada período, os deseñadores, escolas e teóricos relacionados.

2. Contidos

1. O deseño de posguerra: O aerodinamismo, organicismo e o deseño pop.
2. O deseño de produtos na década do oitenta e o postmodernismo.
3. Deseñadores e tendencias no cambio do milenio. Novos deseñadores.
4. Deseño e innovación tectolóxica. Ecodeseño.
5. O Deseño español.

2.1 Organización dos contidos:



BT	Bloque temático/contidos	Actividades	Temporalización	Calendario
1	Evolución histórica	<ul style="list-style-type: none"> Correntes estéticas mais significativas no deseño industrial 	1 hora	2ª Quincena de Setembro
2	O Aerodinamismo	<ul style="list-style-type: none"> Estados Unidos: Raymond Loewy, Henry Dreyfuss, Teague, Buckminster Fuller e Norman Bel Geddes Aerodinamismo en Europa 	2 horas	2ª Quincena de Setembro
3	O Organicismo	<ul style="list-style-type: none"> Charles Eames Ray Kaiser Arne Jacobsen Eero Saarinen Harry Bertoina. 	2 horas	1ª Quincena Outubro
4	O deseño nos distintos países ata a década dos 80	<ul style="list-style-type: none"> Escandinavia: Ame Jacobsen , Peter Opsvik, Poul Kjaerholm, Tapio Wirkkala, Yrjö Kukkapuro, Jacob Jensen , Jonas Bohlin Sixten Sason, Estefan Lindfors e Olof Bäckström. 	1 hora	1ª Quincena Outubro
		<ul style="list-style-type: none"> Alemania: A Escola de Ulm: Olt Aicher Hans Gugelot, Hans Roericht , Wilhelm Wagenfel, Dieter Rams e Richard Sapper. 	1 hora	2ª Quince Outubro
		<ul style="list-style-type: none"> Italia e o “ Bel Desing “: Marcelo Nizzoli Gio Ponti, Marco Zanusso e Richard Sapper, Vico Magistretti, Carlo Mollino, Achille e Pier Giacomo Castiglioni 	1 hora	Id.
		<p>Xapón: Sony, Sharp e Yamaha</p> <ul style="list-style-type: none"> Moble: Sori yanagi e Isamu Noguchi 	1 hora	Id.
		<p>Gran Bretaña:</p> <ul style="list-style-type: none"> -George Carwardine -Wells Coates -Ernest Race Sector do autovóvil: -Alec Issigonis e o Morris Mini. -Douglas Scott -Robin e Lucienne Day. -Kenneth Grange. 	1 hora 1 hora 1 hora	1ª. Quincena Novembro Id 2ª Quincena de Novembro
		<p>Francia: -Serge Merville --El Concorde</p> <ul style="list-style-type: none"> -Flaminio Bertoni: “EL Tiburón”. -Roger tallon. 	1 hora	Id.
		<ul style="list-style-type: none"> Brasil: -Lina bo Bardi. 	1 hora	Id.
		<ul style="list-style-type: none"> Argentina: Bonet Kurchan e Ferrari-Hardoy, Ricardo Blanco e Hugo Kogan 	2 horas	2ª Quincena Decembro
5	O POP dos anos 60	<ul style="list-style-type: none"> -Richard Hamilton -Allen Jones -Gaetano Peseo -Peter Murdoch -Gatti, Paulini e Teodoro -De Pas, D’Urbino Lomazzi e Scolari -Roberto Sebastián Mata -Livio Castiglioni e Giofranco Frattini. -Ettore Sottsass. OP ART: Vasarely, Vuokko Eskolin Nurmennieme. O Movemento Hippie: La Drop City. Verner Panton: Desenfado e heteroxía formal da década dos 60. Deseño da era espacial: Ero Aarmio. Oliver Mourgue. Archille e Pier Giacomo Castiglioni 	2 horas 1 hora 1 hora 1 hora	1ª Quincena Xaneiro Id. 2ª Quincena de Xaneiro



		Producción futurista: José Colombo.		
6	Deseño Postmoderno	<p>Grupos radicales italianos:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Studio 65 -Grupo Strum ▪ Grupo Superstudio -Studio Alchimia ▪ Sociedad Archizoom -Cooperativa Memphis. <p>Apoteosis da modernidade: Anos 80:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Massimo Morozzi -Mario Bota ▪ Stiletto -Shiro Kurumata ▪ Carlo Bellini e Marco Ferreri ▪ Roberto Pezzetta -Mariscal ▪ Ron Arad -Tom Dixon ▪ Gaetano Pesce -James Evanson ▪ -Michael Graves -Alberto Fraser ▪ Aldo Rossi. <p>Anos 80: Productos innovadores e novos materiais:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Daniel Weil -Esslinger ▪ Estilo High-Tech: Norman Foster . Ingo Maurer ▪ O Biodesing: Luigi Colani . Relojos Swatch. ▪ O Deconstructivismo: Peter Eisenman. 	1 hora 2 horas 2 horas	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 2ª Quincena Xaneiro <p>1ª Quincena Febreiro</p> <p>2ª Quincena Febreiro</p>
7	Deseño Industrial no cambio do milenio	<p>Julian Brown Jasper Morrison</p> <p>Philippe Starck Paul Priestman</p> <p>Hermanos Campana Karin Rashis</p> <p>Tuker Viemeister Ross Lovegrove</p> <p>Marc Newson Tejo Remy</p> <p>Jam Design Ikka Suppanen</p> <p>Olivier Mourgue Pasi Kolhonen</p>	2 horas	1ª Quincena Marzo
8	Deseño e Innovación Tecnolóxica	<p>James Dyson</p> <p>David Lewis</p> <p>Jonathan Ive</p>	1 hora	2ª Quincena Marzo
9	O Ecodeseño	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Peter Opsvik ▪ Philippe Starck ▪ William Stumpf e Donald Chadwick ▪ Ernesto Gismondi ▪ Frank Gehry 	1 hora	1ª. Quincena Abril
10	O Deseño Español	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Anterior a la guerra civil: Esteve Monegal e Josep Luís Sert ▪ Despois da guerra civil: Rafael Marquina, André Ricard, Miguel Milá, José Antonio Coderch, Leopoldo Milá e Javier Carvajal ▪ Deseño español nos anos 70: Lluis Clotet e Oscar Tusquets, Gabriel Lluelles e Dieter Rams, Massa, Tremoleda e Ferrer ▪ Deseño español desde os anos 80: Javier Mariscal ,Vicente Martínez, Jorge Pensi - Liévore, Miguel Angel Ciganda, Patricia Urquiola,Hector Serrano e Martí Guixé 	1 horas 2 horas 2 horas 3 hora	Id. 2ª Quincena Abril Mes de Maio Id.
		TOTAL HORAS LECTIVAS DE TEORICAS	38 horas	



3. Avaliación

3.1 Resultado da aprendizaxe:

- 1.-Adquirir-la capacidade de analiza-los exemplos máis importantes, estudando o seu proceso creativo e o desenvolvemento industrial de cada país e momento histórico.
- 2.-Domina-lo vocabulario específico da investigación histórica no campo do deseño industrial.
- 3.-Identifica-las relacións e impactos dos produtos no seus contextos sociais.
- 4.-Integra-los coñecementos históricos sobre o deseño industrial no seu contexto estético e funcional.

3.2 Procedementode avaliación

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado **será continua** considerando os contidos, as competencias e os criterios de avaliación establecidos no currículo dos estudos superiores.

Esta disciplina aparece no DECRETO 172/2015, do 29 de outubro, polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Deseño na Comunidade Autónoma de Galicia como teórica pero inclúese traballos prácticos para facilitar o aprendizaxe dos contidos. O sistema de avaliación continua consta de dous parciais (xaneiro e maio) onde avaliase:

A parte teórica supón un	75%	de 0 a 7,5 puntos
O traballo práctico un	20%	de 0 a 2,0 puntos
Actitude e comportamento	5%	de 0 a 0,5 puntos

A suma das tres notas será a nota de cada cuadrimestre **sendo preciso obter un 5 para aprobar e a media dos dous cuadrimestres superados farán a nota final**. A duración deste exame será de unha hora por cuadrimestre.

Dado o carácter progresivo da disciplina a non realización dos exames parciais liberatorios de materia ou a falta dalgún traballo implicará que o alumnado terá que ser avaliado mediante un proceso diferenciado nunha proba final consistente nun exame teórico a que tamén poden acollerse aqueles/as que desexen subir a nota final. Aqueles que teñan aprobado algun cuadrimestre e non superen o límite de faltas, só terán que facer a parte pendente.

A normativa (*Orde de 21 de novembro de 2016*) establece que as ensinanzas superiores de deseño son unicamente de carácter presencial, polo que o alumnado que teña un 20% de faltas de asistencia as clases (12) deberán presentarse a convocataria ordinaria con toda a materia do curso. (**Neste módulo de 62 horas lectivas faltar o 20% supón non asistir o 32% do curso**).

3.3 Instrumentos de avaliación e criterios de cualificación:

A **avaliación continua** consistirá nunha proba escrita onde se deberán analizar tres obras das vistas na clase que puntuará cada unha un máximo de 2,5 puntos. **Este exame fará o 75% da nota**. Para obter a máxima nota de 2,5 puntos, en cada obra, deberase contestar correctamente os seguintes apartados: **Nome da Obra. Estilo e cronoloxía. Nome do autor si é coñecido. Atendendo o anterior, análise da obra exposta.**



Un 20% da nota corresponde a unha exposición obrigatoria dun traballo, por cuadrimestre, relacionado coa materia que cada alumno expoñerá na aula, calificarase con **DOUS puntos**. Para obter esta máxima cualificación no traballo, o alumno terá que manexar bibliografía e non basarse só en Internet sobre cortar e pegar. Valoraranse tamen os comentarios e conclusións persoais. Presentaranse en formato dixital e serán expostos oralmente polo alumno na aula para todos os alumnos sendo correxidos e cualificados pola profesora.

No primeiro cuadrimestre, o traballo versará sobre os séculos XIX e XX e no segundo cada alumno poderá escoller o tema da programación que lle guste desenrolar. A duración da exposición dependerá do número de alumnos e das horas dispoñibles, desde media hora ata 1 hora por alumno e cuadrimestre.-

0 5% restante da nota, é dicir, 0,5 puntos obterase por aqueles alumnos/as que adopten unha actitude positiva na aula, **presentando os traballos puntualmente, colaborando cos compañeiros, non empregando os móbiles, sendo puntuais e non interrompindo as clases, respetando a profesora e os compañeiros.** O incumplimento destas mínimas normas será motivo de perda deses 0,5 puntos. E serán controlados pola profesora no anverso da lista mensual de faltas da disciplina, **descontando unha décima por cada falta e 0,5 polo uso do teléfono.** **Todo alumno/a que se ausente da clase para atender unha chamada o móbil non poderá reintegrarse ese día a mesma, perdendo as 5 décimas.**

A suma das tres notas mencionadas será a cualificación de cada cuadrimestre sendo preciso obter un 5 para aprobar e a media dos dous farán a nota final sempre que esteñan os dous aprobados con un CINCO.

3.4 Sistemas extraordinarios de avaliación e cualificación

O alumnado disporá de dúas convocatorias: unha convocatoria de carácter ordinario e unha convocatoria de carácter extraordinario, que se farán públicas para o alumnado coa suficiente antelación.

Aqueles alumnos/as que non aproben mediante a avaliación continua, teñen que realizar un exame final de tódolos contidos da materia **que fará o 100% da nota final, sendo preciso obter un 5 para aprobar.** Este exame consistirá no análise de 5 obras das vistas na clase que puntuarán 2 puntos cada unha. A duración do exame será de dúas horas. Nesta convocatoria non se terá en conta o 5%, é dicir as 5 décimas.

Os repetidores deben asistir as clases e serán cualificados da mesma forma que os demais. Se as clases lles coincide con outra materia dun curso superior non se lles terá en conta a falta. Pero deben expoñer os traballos prácticos cuadrimestrais na aula, e a nota dos mesmos teráselles en conta na convocadora ordinaria, non así na extraordinaria a que terán que presentarse de non superar a anterior. Nesta última serán cualificados como os do párrafo anterior.

Asemade, todos os alumnos/as deben ter en conta que hay unha hora semanal de tutoría no que a profesora poderá resolverlles calquer dúbida.

3.5 Criterios e pautas para o alumnado con necesidades educativas especiais

Co término especiais referímonos os alumnos que por padecer, temporal ou permanente, discapacidades físicas, psíquicas, sensoriais, ou por ter graves trastornos da personalidade ou da conducta requiran unha atención especializada, con arreglo os principios de non discriminación e normalización educativa, e coa finalidade de conseguir a súa integración.

Partimos de que as adaptacións de espazos, tempos, etc., veñen desenroladas a través da Administración ou do propio Centro educativo, polo que nos veñen dadas. É dicir, programamos aquilo que depende do noso departamento.

Respecto destes alumnos o noso departamento terá diferentes tipos de actuación:

- a).- Adaptar as actividades, se fose posible, as súas circunstancias. En todo caso, sempre deberán cubrirse as necesidades para a adquisición da competencia profesional.



b).- Traballar na orientación efectiva destes alumnos, si o seu desenvolvemento profesional dentro do perfil definido non resultase imposible.

c).- Favorecer a integración deste alumno no grupo-aula a través de actividades onde desenvolva un papel recoñecido polo grupo e mellore o seu nivel de autoestima.

4. Metodoloxía, recursos e actividades complementarias

A metodoloxía empregada inspirárase nos seguintes principios:

- Clases Maxistras:** Presentación na aula dos conceptos relacionados coa materia. Exposición dos contidos apoiados en exemplos con imáxenes e textos.
- Traballos:** Cada alumno presentará cos traballos comentarios persoais escritos sobre casos da historia das artes e o deseño, potenciando a crítica como medio de reflexión e coñecemento.
- Estudo:** Estudo individual dos contidos impartidos nas clases teóricas como traballo independente dos estudantes.
- Probas:** Proba de avaliación escrita para amosar o coñecemento e capacidade de análise e reflexión sobre os contidos impartidos e traballados desenvolvidos nesta disciplina.

5. Bibliografía

5.1 Referencias básicas.

- DISEÑO. Historia, teoría y práctica del diseño industrial.
Autor: Bernhard E. Burdek. Editorial Gustavo Gili, SA
- HISTORIA DEL ARTE. Autor: Martínez González.-Editorial Gredos,S.A.
(dos tomos). Tomo I: Arte antiguo y medieval. Tomo II: Arte moderno y contemporáneo.

5.2 Referencias complementarias.

- Historia del diseño industrial: Rosalía Torrent y Juan M. Marín.- Ed. Cátedra
- El diseño industrial en España: Julia Galán, Jaume Gual, Juan M. Marín, Jordi Olucha, Rosalía Torrent e Rosario Vidal.- Ed. Cátedra
- Design Handbook: Charlotte & Peter Fiel.- Ed.Taschen
- Saarinen. Pierluigi Serraino.-Ed.Taschen.
- Eames. Gloria Koenig.- Ed. Taschen
- Made In Spain.101 Iconos del Diseño Español.-Ed. Electa.
- El diseño de interiores en el siglo XX: Anne Massey.- Ediciones Destino.

5.3 Recomendacións para o estudo da materia:

- Asistir as clases.
- Dedicar ao estudo da materia un tempo regularmente distribuído ao longo do curso.
- Comprobar o grao de asimilación dos conceptos e de adquisición das técnicas realizando en tempo e forma as prácticas propostas na clase.
- Participar na realización dos exercicios teóricos e prácticos propostos na aula.

Santiago de Compostela, 24 de Setembro de 2.018.